



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-4

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

23 de Febreiro de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:34

Hora de Finalización

12:44

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 02.02.2023 (ACTA 2023/3)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2022 DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE REGULAN AS BASES E SE REGULAN AS SUBVENCIONS DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL PARA O ANO 2023 (PR483A, B, C, D)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de data **29 de decembro de 2022**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións do **Fondo de Compensación Ambiental** destinadas a entidades locais de Galicia para o ano **2023**. Ademáis, dáse conta da memoria no que se especifican as actuacións que se realizarán.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o anteproxecto da obra para a que se solicita subvención, a saber: "**Saneamento e abastecemento en Rúa Fontairo, en Castrelo do Val e substitución de fosa séptica en Servoi**", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto

Autor: María Cristina Sabariz Rúa

Data: febreiro de 2023.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Orzamento base: 32.209,20 euros.

Orzamento total (IVE incluído): 38.973,13 euros

Actuacións contempladas: Dotación de infraestruturas básicas de abastecemento e saneamento en castrelo do Val e substitución dunha fosa séptica na localidade de Servoi.

Consecuentemente, recabar o regulamentario informe dos Servizos Técnicos municipais sobre o documento técnico que se ven de aprobar e, de acordo co contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada

SEGUNDO. Solicitar á Vicepresidencia Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a execución da actuación e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

3º. EXENCION IVTM PARA O ANO 2023.

Díuse conta das **solicitudes de exención do IVTM por minusvalía** dos seus titulares, resultando quedar acreditado nos correspondentes expediente a concorrencia da causa de exención; manifestando que os vehículos son para uso persoal e exclusivo dos solicitantes.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por Unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Recoñecer a exención do IVTM **por razóns de minusvalía** do seguinte vehículo:

Solicitante: **María Luz Dapía Toro**, titular DNI núm. 34.988.048 - B

Vehículo: Ford Fiesta con matrícula 7737-GXK.

Certificado: Recoñecemento de minusvalía dun 47,00% de carácter provisional da Xunta de Galicia, ata o 26/01/2026.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo ós titulares así como a tesourería municipal e ao Servizo de Recaudación da Mancomunidade para o reflexo do acordado no padrón do IVTM do 2023.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

